



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE PAIS, PROFESIONAIS E AMIGOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (**SPECIAL OLYMPICS GALICIA**), PARA O MANTEMENTO E A PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN SOCIAL DIRIXIDA ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA E ÁS SÚAS FAMILIAS MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS ADAPTADAS, OCIO, FORMATIVAS E DE PROMOCIÓN DO VOLUNTARIADO DURANTE O ANO 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa **Asociación de pais, profesionais e amigos das persoas con discapacidade intelectual (SPECIAL OLYMPICS GALICIA)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2018 ata o 31/12/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o mantemento da entidade e a promoción da integración social e mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias a través da realización das actividades deportivas, voluntariado, familias, formación e ocio que ten previsto desenvolver SPECIAL OLYMPICS GALICIA no ano 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 como beneficiaria individualizada así como o obxectos subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 19 de febreiro de 2018.

